

Fundación Olga Gallego

Padroado da Fundación Olga Gallego
CIF : G70402698

2017



Memoria abreviada anual exercicio de 2017

O secretario

**Visto e prace:
O presidente**

Contido

1. ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN.....	3
1.1. Constitución.....	3
1.2. Interese cultural	3
1.3. Padroado.....	3
1.4. Fins	4
1.5. Actividades.....	4
1.5.1. Publicación das Actas das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos	4
1.5.2. Sinatura de novos convenios de colaboración.....	5
1.5.3. Fallo do II Premio Olga Gallego de Investigación en Arquivos.....	5
1.5.4. Publicación dun novo número do Boletín Auriense.	6
1.5.5. Reforma da páxina web da Fundación para incluír unha nova sección sobre patrimonio documental	6
1.5.6. Inicio da preparación das III Xornadas Olga Gallego de Arquivos.....	6
1.5.7. Celebración dunha xornada monográfica sobre arquivos.....	7
1.5.8. Difusión web da Fundación e das súas actividades.	7
1.6. Sede da Fundación	8
2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS.....	8
3. EXCEDENTE DO EXERCICIO	8
3.1. Partidas principais	8
3.2. Proposta de aplicación do excedente:	8
4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN	8
a) Inmovilizado intanxible:	9
b) Inmovilizado material	9
c) Inversións inmobiliarias:	9
d) Ingresos e gastos:	9
2.4.1. Movemento:	16
9. FONDOS PROPIOS	16
10. SITUACIÓN FISCAL.....	16
10.1. Imposto sobre beneficios.....	16
10.2. Outros tributos	16

11.	INGRESOS E GASTOS.....	16
12.	SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS	16
13.	OUTRA INFORMACIÓN.....	16

O secretario

Visto e prace: o presidente

1. ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN.

1.1. Constitución

A Fundación Olga Gallego constituíuse na Coruña o día 24 de febreiro de 2014 por escritura pública outorgada perante o notario don José Manuel Lois Ponte, do Ilustre Colexio de Galicia, por dona Pilar Gallego Domínguez, irmá de Olga, e don Pedro López Gómez, que é presidente vitalicio dela.

1.2. Interese cultural

A Fundación foi clasificada de interese cultural para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego por Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia do 28 de maio de 2014 (DOG núm. 118 do 23 de xuño de 2014), que a adscribiu ao protectorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Por Resolución do 30 de xuño de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, declarouse de interese galego e ordenouse a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (DOG núm. 132, do 14 de xullo de 2014).

1.3. Padroado

O artigo 12 dos Estatutos da Fundación fixou a composición inicial do seu Padroado. A Resolución do 15 de febreiro de 2017 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autorizou a súa modificación puntual, acordada polo Padroado anteriormente.

O día 8 de outubro de 2017 faleceu a fundadora e presidenta de honra da Fundación, dona Pilar Gallego Domínguez. Desta forma, o padroado perdeu un membro relevante (se ben honorífico). Con estas modificacións, a composición a 31 de decembro de 2017 era:

CARGO	APELIDOS E NOME	ENTIDADE Á QUE REPRESENTA	DATA ACEPTACIÓN
PRESIDENTE	D. Pedro López Gómez		24-02-2014,
VICEPRESIDENTA	D ^a Dolores Pereira Oliveira		14-03-2014
SECRETARIO	D. Gabriel Quiroga Barro		14-03-2014
VOGAL	D ^a M ^a del Mar García Miraz		14-03-2014
VOGAL	D ^a Olimpia López Rodríguez		14-03-2014
VOGAL	D ^a Isabel Buján Bernárdez	Asociación de Arqueiros, Bibliotecarios, Museólogos e Documentalistas de Galicia (BAMAD)	10-04-2014
VOGAL HONORARIA	D ^a Minia Martul Tobío		07-11-2014

O secretario

Visto e prace: o presidente

1.4. Fins

A fundación, segundo se establece no artigo 6 dos seus estatutos, ten como fins:

1. A protección, defensa e fomento dos Arquivos e do Patrimonio documental de Galicia e de interese para Galicia, e doutros territorios con vínculos culturais coa nosa comunidade como América e Portugal.
2. O fomento da investigación sobre Arquivos e documentos de Galicia e de interese para Galicia, e doutros territorios con vínculos culturais coa nosa comunidade como América e Portugal.
3. O fomento e estudo da Arquivística.
4. O fomento da formación dos profesionais dos arquivos.
5. Para a consecución destes fins, e de acordo co artigo 7 dos seus Estatutos, que constan anexos á escritura fundacional, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:
 - a) Organizar congresos, xornadas, exposicións e certames sobre temas de interese para os arquivos e para os profesionais dos arquivos.
 - b) Organizar conferencias, seminarios e outras actividades encamiñadas á difusión e ao coñecemento dos arquivos e do patrimonio documental
 - c) Establecer comisións e grupos de traballo que realicen investigacións, estudos, enquisas e proxectos relacionados cos arquivos e os profesionais dos arquivos.
 - d) Favorecer a investigación científica e técnica sobre arquivística, arquivos e documentos.
 - e) Organizar premios de investigación en materia de protección, fomento e defensa do patrimonio documental, ou calquera outro aspecto relacionado coa arquivística e os arquivos.
 - f) Editar traballos sobre arquivos e patrimonio documental
 - g) Organizar cursos e outras actividades formativas relacionadas coa arquivística e cos arquivos.
 - h) Crear canles de comunicación con institucións relacionadas cos arquivos e cos profesionais dos arquivos
 - i) Así como calquera outra actividade de natureza análoga ás anteriores

1.5. Actividades

De acordo co plan de actuacións aprobado na xuntanza do 21 de decembro de 2016, as previstas para o ano 2017 foron as seguintes:

1. Publicación das Actas das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos.
2. Sinatura de novos convenios de colaboración.
3. Fallo do II Premio Olga Gallego de Arquivos.
4. Publicación dun novo número do Boletín Auriense.
5. Reforma da páxina web da Fundación para incluír unha nova sección sobre patrimonio documental
6. Inicio da preparación das III Xornadas Olga Gallego de Arquivos
7. Celebración dunha xornada monográfica sobre arquivos.
8. Difusión web da Fundación e das súas actividades.

1.5.1. Publicación das Actas das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos

Publicada a primeiros do mes de xaneiro de 2017 na páxina web da Fundación (<http://www.fundacionolgagallego.gal/actividades/xornadas/2016.htm>)

a versión electrónica das Actas das II Xornadas Olga Gallego de Arquivos, no mes de xuño editáronse en papel como Anexo número 38 do *Boletín Auriense* (DL: OU 143-2017; ISBN: 978-84-88522-36-89) de acordo co convenio de colaboración asinado no seu día co Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo provinciais de Ourense.

Celebradas os días 21 e 22 de outubro de 2016, estas xornadas contaron coa participación como relatores de Antonia Heredia Herrera, Antonio Maranhão Peixoto, Lourdes Pérez- Santamarina Feijóo e José Luis Castro Carpintero, Paloma Fernández Gil, Marisé Piñón López e Marina García Pita, Luis Martínez García e Carlos Alcalde Martín-Calero.

Ademais, participaron con comunicacións Jesús Rey Modia, Jorge Barecheguren Fernández, Ernesto Vázquez-Rey Farto, Pedro Cobo Martínez, Francisco José Gallo León e Carlos Jesús Más González, Pere Pastallé Sucarrats e Jaume Enric Zamora Escala, e Olimpia López Rodríguez.

No primeiro caso, a empresa adxudicataria do deseño e maquetación foi Salgado y Santana S.C. e o custo total ascendeu a 968 euros. No segundo, o deseño e maquetación correu a cargo da empresa IKONO. O custo foi de 4.833,40 euros.

A publicación electrónica fíxose en formato A4 e en pdf. Consta de 454 páxinas. A edición en papel realizouse en 4º, e ten 595 páxinas.

1.5.2. Sinatura de novos convenios de colaboración.

O 26 de outubro, o presidente da Fundación, Pedro López Gómez, e da Asociación BAMAD-Galicia, Olimpia López Rodríguez, asinan un convenio de colaboración, semellante aos xa establecidos con outras entidades. Así, as modalidades de cooperación que se enuncian son as seguintes.

- a) Favorecer a participación en proxectos e programas de investigación bilaterais ou multilaterais.
- b) Cooperar en xornadas de divulgación, congresos e programas de formación de persoal asistencial, investigador e/ou técnico.
- c) Asesoramento mutuo en cuestións relacionadas coa actividade de ambas as dúas entidades.
- d) Intercambio recíproco de libros, publicacións e outros materiais de investigación, sempre que non haxa compromisos anteriores que o impidan.
- e) Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e das actividades que constitúen o obxecto do presente acordo.

1.5.3. Fallo do II Premio Olga Gallego de Investigación en Arquivos

De acordo coas bases da convocatoria, o fallo do premio foi dado a coñecer o día 8 de marzo de 2017. O xurado estaba composto polas seguintes persoas: Ana Margarida Dias da Silva, Dolores Carnicer Arribas, Beatriz Franco Espiño, Vicent Gimenez Chornet e Luis Hernández Olivera.

Resultou premiado o traballo: “Publicación de datos abertos a partir de documentos administrativos: un paso hacia la transparencia. El caso de los expedientes de contratación en el área de transporte” “por la

calidad de la investigación y por la relevancia y actualidad del tema abordado”, do que resultou ser autora Isabel Medrano Corrales.

Obtivo unha mención especial o traballo: “O Arquivo Gama Lobo Salema: arqueología e representacións arquivísticas”, “por su reflexión sobre la importancia de la historia de los archivos y del papel de los archiveros en la construcción de las representaciones y en la interpretación de la historia”.

Ambos os dous traballos áchanse dispoñibles na páxina web da Fundación: <http://www.fundacionolgagallego.gal/actividades/premios.htm>

1.5.4. Publicación dun novo número do Boletín Auriense.

De acordo co convenio de colaboración asinado co Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo e Arquivo Provinciais de Ourense, publicouse o número 46 do Boletín Auriense, composto de 340 páxinas a 1/T. Editáronse 650 exemplares e o custe ascendeu a 4.862,52 €

1.5.5. Reforma da páxina web da Fundación para incluír unha nova sección sobre patrimonio documental

No mes de setembro, comezou a funcionar a nova sección de Patrimonio Documental da páxina web da Fundación (<http://www.fundacionolgagallego.gal/patrimonio-documental/recursos.htm>)

Trátase dunha ferramenta aberta, de tipo colaborativo, coa que se pretende que as persoas interesadas na protección e difusión do patrimonio documental de Galicia poidan colaborar na creación dunha base de datos que recolla información que axude a mellorar o coñecemento global acerca do estado en que se atopan estes bens culturais. Será unha forma de achegar exemplos concretos que enriquezan o diálogo e o debate sobre a conservación e uso social dos arquivos.

Unha lista dos temas que se suxiren inclúe os seguintes puntos:

- Localización de arquivos ou de documentos descoñecidos.
- Novos proxectos de tratamento (organización e descrición, dixitalización...) de arquivos privados.
- Destrución de documentos.
- Arquivos públicos ou privados en deficiente estado de instalación ou conservación.
- Arquivos de difícil acceso:
 - Por falla de persoal para a súa custodia e tratamento.
 - Por instalacións inadecuadas.
 - Por outro tipo de dificultades.

Para a achega de recursos, existe un formulario web que consta duns datos mínimos obrigatorios e outros complementarios. As propostas así elaboradas recíbense na Fundación e valóranse antes de permitir que se difundan no portal.

1.5.6. Inicio da preparación das III Xornadas Olga Gallego de Arquivos

Ao longo de todo o ano, estudáronse diversos temas e posibilidades acerca do contido e os relatores das III Xornadas. Finalmente, e segundo consta na acta da reunión do Padroado celebrada o 15 de decembro, acórdase que se celebrarán baixo o título de: “Novos retos: Arquivística para mañá”. Xirarán arredor de dous temas: o arquivo electrónico único e os novos modelos de descrición arquivística. Ademais, dedicárase unha parte das Xornadas ao coleccionismo, como forma de homenaxe a Pilar Gallego,

Como posibles relatores, citáronse, entre outros, a Joaquim Llansó e Rosa Martín, para o tema do arquivo electrónico único, e a Beatriz Franco e Ramón Martín Suquía para os novos modelos de descrición arquivística.

En canto ao tema do coleccionismo, mencionouse a Félix de la Fuente Andrés e María Luisa Abad, membro da Sociedade Filatélica e Vitolfílica “Miño”, da que tamén formaba parte Pilar Gallego.

1.5.7. Celebración dunha xornada monográfica sobre arquivos

En relación co convenio de colaboración asinado coa Fundación Penzol, o 27 de outubro celebrouse en Vigo, na sede daquela Fundación, a xornada monográfica titulada: “Os arquivos privados de persoas e familias: unha ollada á Fundación Penzol”. Foron relatores Inés Irurita, Abel Rodrigues, Gabriel Quiroga e María Dolores Cabrera Iglesias.

Interviñeron tamén os presidentes da Fundación Olga Gallego, Pedro López, e da Fundación Penzol, Manuel Puga; o director da Fundación Penzol, Francisco Domínguez, e o secretario xeral de Cultura da Xunta de Galicia, Anxo Lorenzo.

A Xornada atraeu a atención de moitas persoas de diversos ámbitos (arquivos, bibliotecas, museos ou universidades de toda Galicia ou de simples particulares), ata tal punto que o aforo resultou completo. Foi moi satisfactoria igualmente para a Fundación a repercusión nas redes sociais, especialmente entre persoas portuguesas. Interpretase que o tema elixido é transversal porque interesa a arquivos, a bibliotecas e museos. Outro factor de atracción puido ser a elección da cidade de Vigo como sede, que non ten moitas actividades destas características.

Os gastos ascenderon a 1.540,75 euros. A esta cantidade, haberá que sumar o custo da edición das actas, presupostadas en 350 euros máis IVE, pero imputables a anualidade do ano 2018. En suma, un custe moi asumible tendo en conta a rendibilidade social e científica do evento.

1.5.8. Difusión web da Fundación e das súas actividades.

Durante o ano 2017 continuou a difundir as súas actividades a través do seu sitio web e das redes sociais.

A difusión a través do sitio web realízase baixo dúas modalidades. A primeira é a sección de “Novas” da páxina, na que se dá conta da actualidade da Fundación e das actividades que realiza. A segunda é a denominada “Actualidade arquivística”, sección posta en marcha ao longo do ano 2016.

A fins do ano 2017, comezaron a colectarse noticias doutras asociacións españolas a esta última sección, pois houbo varias que renovaron as súas páxinas web, de forma que agora ofrecen canais RSS de novas susceptibles de seren colectadas e agregadas polas ferramentas específicas doutros portais, como é o caso do da Fundación. Así, na actualidade, esta sección agrega automaticamente novas procedentes das asociacións: BAMAD-GALICIA, Coordinadora de Asociaciones de Archiveros, Arquivos de Galicia (Xunta de Galicia), Asociación de Archiveros de Andalucía, Associació d'Arxivers Valencians, Asociación de

Archiveros de Castilla y León, Associació de Arxivers i Gestors Documentals de Catalunya, Asociación de Archiveros de Asturias, Asociación de Archiveros de Canarias, Asociación de Archiveros de Extramadura, Associació de Bibliotecaris, Arxivers i documentalistes de les Illes Balears, Asociación Profesional de Archiveros, Bibliotecarios y Documentalistas de Madrid e ANABAD.

1.6. Sede da Fundación

A fundación ten o seu domicilio na rúa Rosalía de Castro, 13, Baixo. 15004. A Coruña.

2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

a) Imaxe fiel:

As contas anuais reflicten a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación.

b) Principios contables non obrigatorios aplicados:

Aplicáronse, en todo caso, os principios contables obrigatorios.

c) Comparación da información:

Tanto no exercicio de 2016 como no de 2017 houbo un saldo negativo, mais o de 2017 foi un 13% menor que no exercicio anterior. Así, se no 2016 houbo un resultado negativo de 20.608,70 euros, en 2017 este resultado foi 17.828,41 €.

3. EXCEDENTE DO EXERCICIO

3.1. Partidas principais

As principais partidas que forman o excedente do exercicio e os seus aspectos significativos son:

A Fundación pecha o exercicio 2017 cun resultado negativo por importe de 17.828,41 €.

3.2. Proposta de aplicación do excedente:

Non procede aplicación, xa que non obtivo excedente no ano 2017.

4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

O secretario

Visto e prace: o presidente

a) Inmobilizado intanxible:

A partida recolle o importe total do deseño dunha páxina web, que comezou a amortizarse no ano 2015, segundo as táboas de amortización contables, corresponde ao 2017 unha cota de amortización de 636,22 €, o que resulta unha amortización acumulada de 1.594,91

b) Inmobilizado material

Non figura contabilizado ningún inmovilizado material.

c) Inversións inmobiliarias:

Non figura contabilizada ningunha partida de inversións inmobiliarias.

d) Ingresos e gastos:

O secretario

Visto e prace: o presidente

CONTA DE RESULTADOS ABREVIADA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO REMATADO O 31/12/2017

FUNDACIÓN:	FUNDACIÓN: OLGA GALLEGO			
Nº CONTAS		Nota	(Debe)	Haber
			2017	2016
	A) Excedente do exercicio			
	1. Ingresos da actividade propia			975,2
720	a) Cotas de asociados e afiliados			
721	b) Achegas de usuarios			
722,723	c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións			588
740,747,748	d) Subvencións, doazóns e legados imputados ao excedente do exercicio			387,2
728	e) Reintegro de axudas e asignacións			
(650)	2. Gastos por axudas e outros		-12376,46	-11662,62
(651)	a) Axudas monetarias			
(653),(654)	b) Axudas non monetarias			
(658)	c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno		-12376,46	-11662,62
(6930),71*,7930	d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados			
73	3. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
(600),(601),(602),6060,6061,6062,6080,	4. Traballos realizados pola entidade para o seu activo			
6081,6082,6090,6091,6092,610*,611*,612*,	5. Aprovisionamentos			
(607),(6931),(6932),(6933),7931,7932,7933				
75	6. Outros ingresos da actividade			
(640),(641),(642),(643),(644),(649),7950	7. Gastos de persoal			
(62),(631),(634),636,639,(655),(694),(695),	8. Outros gastos da actividade		-5600,99	-9185,19
794,7954,(656),(659)				

CONTA DE RESULTADOS ABREVIADA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO REMATADO O 31/12/2017

FUNDACIÓN:	FUNDACIÓN: OLGA GALLEGO			
(68) 745,746 7951,7952,7955,7956 (690),(691),(692),770,771,772,790,791,792, (670),(671),(672)	9. Amortización do inmovilizado 10. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao excedente do exercicio. 11. Exceso de provisións 12. Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado		-636,22	-636,22
	A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12)		-18613,67	-20508,83
760,761,762,767,769 (660),(661),(662),(664),(665),(669) (663),763 (668),768 (666),(667),(673),(675),(696),(697),(698), (699),766,773,775,796,797,798,799	13. Ingresos financeiros 14. Gastos financeiros 15. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros 16. Diferenzas de cambio 17. Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros		861,16 -75,9	-99,87
	A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (13+14+15+16+17)		785,26	-99,87
	A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)		-17828,41	-20608,7
(6300)*,6301*,(633),638	18. Impostos sobre beneficios			
	A.4) Variación de patrimonio neto recoñecida no excedente do exercicio (A.3+18)			
	B) Ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto			
940,9420 941,9421 (800),(89),900,991,992,(810),910,(85),95 (8300)*,8301*,(833),834,835,838	1. Subvencións recibidas 2. Doazóns e legados recibidos 3. Outros ingresos e gastos 4. Efecto impositivo			
	B.1) Variación de patrimonio neto por ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto			

O secretario

Visto e prace: o presidente

CONTA DE RESULTADOS ABREVIADA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO REMATADO O 31/12/2017

FUNDACIÓN:

FUNDACIÓN: OLGA GALLEGO

		(1+2+3+4)			
		C) Reclassificacións ao excedente do exercicio			
	(840),(8420) (841),(8421) (802),902,993,994,(812),912 8301*,(836),(837)	1. Subvencións recibidas			
		2. Doazóns e legados recibidos			
		3. Outros ingresos e gastos			
		4. Efecto impositivo			
		C.1) Variación de patrimonio neto por reclassificacións ao excedente do exercicio (1+2+3+4)			
		D) Variacións de patrimonio neto por ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto (B.1+C.1)			
		E) Axustes por cambios de criterio			
		F) Axustes por erros			
		G) Variacións na dotación fundacional			
		H) Outras variacións			
		I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)		-17828,41	-20608,7

* O seu signo pode ser positivo ou negativo

O secretario

Visto e prace: o presidente

BALANCE ABREVIADO NO PECHE DO EXERCICIO 2017

FUNDACIÓN: OLGA GALLEGO

Nº CONTAS	ACTIVO	NOTAS DA MEMORIA	2017	2016
	A) ACTIVO NON CORRENTE		241586,18	152222,4
20,(280),(2830),(290) 240,241,242,243,244,249,(299) 21,(281),(2831),(291),23 22,(282),(2832),(292)	I. Inmobilizado intanxible		1586,18	2222,4
2503,2504,2513,2514,2523,2524,(2593), (2594),(293),(2943),(2944),(2953),(2954)	II. Bens do patrimonio histórico			
2505,2515,2525,(2595),260,261,262,263,264,265, 267,268,(269),27,(2945),(2955),(297),(298) 474	III. Inmobilizado material			
	IV. Investimentos inmobiliarios			
	V. Investimentos en entidades do grupo e asociadas a longo prazo			
	VI. Investimentos financeiros a longo prazo		240000	150000
	VII. Activos por imposto diferido			
	B) ACTIVO CORRENTE		15154,73	122611,67
30,31,32,33,34,35,36,(39),407 447,448,(495)	I. Existencias			
430,431,432,433,434,435,436,(437),(490), (493),440,441,446,449,460,464,470,471, 472,558,544	II. Usuarios e outros debedores da actividade propia			
5303,5304,5313,5314,5323,5324,5333,5334, 5343,5344,5353,5354,(5393),(5394),5523, 5524,(593),(5943),(5944),(5953),(5954)	III. Debedores comerciais e outras contas para cobrar		338,69	175,07
5305,5315,5325,5335,5345,5355,(5395),540, 541,542,543,545,546,547,548,(549),551, 5525,5590,5593,565,566,(5945),(5955), (597),(598) 480,567 57	IV. Investimentos en entidades do grupo e asociadas a curto prazo			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo			
	VI. Periodificacións a curto prazo			
	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes		14816,04	122436,6

BALANCE ABREVIADO NO PECHE DO EXERCICIO 2017

FUNDACIÓN: OLGA GALLEGO

	TOTAL ACTIVO (A+B)		256740,91	274834,07
--	---------------------------	--	-----------	-----------

Nº CONTAS	PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS DA MEMORIA	2017	2016
	A) PATRIMONIO NETO		256600,93	274429,34
	A-1) Fondos propios		256600,93	274429,34
	I. Dotación fundacional		200000	200000
100	1. Dotación fundacional			
(103)	2. (Dotación fundacional non exixida)			
111,113,114,115	II. Reservas			
120,(121)	III. Excedentes de exercicios anteriores		74429,34	95038,04
129	IV. Excedente do exercicio		-17828,41	-20608,7
133,1340,137	A-2) Axustes por cambio de valor			
130,131,132	A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos			
	B) PASIVO NON CORRENTE			
14	I. Provisións a longo prazo			
1605,170	II. Débedas a longo prazo			
1625,174	1. Débedas con entidades de crédito			
1615,1635,171,172,173,175,176,177,179,	2. Acredores por arrendamento financeiro			
180,185,189	3. Outras débedas a longo prazo			
1603,1604,1613,1614,1623,1624,1633,1634	III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a longo prazo			
479	IV. Pasivos por imposto diferido			

O secretario

Visto e prace: o presidente

BALANCE ABREVIADO NO PECHE DO EXERCICIO 2017

FUNDACIÓN: OLGA GALLEGO

181	V. Periodificacións a longo prazo			
	C) PASIVO CORRENTE		139,98	404,73
499,529	I. Provisións a curto prazo			
5105,520,527	II. Débedas a curto prazo			
5125,524	1. Débedas con entidades de crédito			
500,505,506,509,5115,5135,5145,521,522,	2. Acredores por arrendamento financeiro			
523,525,528,551,5525,5530,5532,555,5565,	3. Outras débedas a curto prazo			
5566,5595,5598,560,561,569				
5103,5104,5113,5114,5123,5124,5133,5134,5143,	III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a curto prazo			
5144,5523,5524,5563,5564	IV. Beneficiarios-acreedores			
412	V. Acredores comerciais e outras contas para pagar		139,98	404,73
400,401,403,404,405,(406)	1. Provedores		72,48	67,23
410,411,419,438,465,466,475,476,477	2. Outros acredores		67,5	337,5
485,568	VI. Periodificacións a curto prazo			
	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)		256740,91	274834,07

O secretario

Visto e prace: o presidente

5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS.

2.4.1. Movemento:

O movemento de cada unha destas partidas, durante o exercicio, foi o seguinte:

	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo final
Inmobilizado material				
Inmobilizado intanxible	3.181,09			3.181,09
Investimentos inmobiliarios				
TOTAIS	3.181,09			3.181,09

9. FONDOS PROPIOS

O saldo desta partida é de 200.000 euros, e procede da dotación fundacional por parte da socia fundadora Dona Pilar Gallego Domínguez.

10. SITUACIÓN FISCAL

10.1. Imposto sobre beneficios

O réxime fiscal aplicable á entidade é o réxime especial de entidades parcialmente exentas.

10.2. Outros tributos

Non ten saldo dita partida.

.

11. INGRESOS E GASTOS

Na conta de Perdas e Ganancias, exposta no apartado d) desta memoria recóllense as diferentes partidas de Ingresos e Gastos do presente exercicio 2017.

12. SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS

Este ano, a devandita partida non recolle saldo ningún.

13. OUTRA INFORMACIÓN

Xuntamos o balance de situación da fundación:

E na partida da Facenda Publica, recóllense as retencións descontadas no pago aos profesionais, e aboadas á Facenda Publica o 20 de Xaneiro do 2018, xa pagadas neste momento a través da conta bancaria.

A Coruña, 6 de xuño de 2018

O secretario

Visto e prace: o presidente